# O avó Castaño

Eu chámome Castaño e teño 100 anos, vivo no monte de Acevedo, que está na parroquia de Escoureda. Este inverno vai moito frío. Eu encóntrome moi vello, pero contento de valerlle de casa a moitos animais. Os meus curmáns, os carballos, tamén teñen moito frío; pero os meus amigos os piñeiros pásano moito mellor porque non lles caen as follas.

De cando en vez ven, ven por aquí algún esquío, outros días os raposos e algunha noite os lobos.

A estación que máis me gusta é a primavera.

Daquela todo é diferente, eu aínda que son vello póñome o traxe novo de cor verde moi brillante, que é a miña cor preferida; os carballos tamén compran un traxe novo, porque temos que recibir moitas visitas: ven o cuco, as formigas, as bolboretas, as anduriñas, as cegoñas, os gorrións. Nese momento na fraga, todo é alegría. Desde alí tamén vemos o río Tordia. Polas súas ribeiras nadan parrulos de río e as troitas e brincan.

As veces tamén veñen as vacas pintas pacer ós campos, e os gandeiros recollen a herba.

amin aínda hoxe me doen as pólas que me abrasou o lume. En épocas de sequía tampouco tiña unha gota de auga para mollar as raíces, teño pasado moita sede; menos mal que de cando en vez cae algunha tormenta refrescante; con esa auga tentamos lavarnos e recuperarnos da alegría de vivir.

Algunha vez oímos cantar as orquestas nas romerías; a música axúdanos a levantar o ánimo, tamén nos distraen as aves, que nos falan do mar, e doutros países, algúns moi lonxanos onde viven moitas árbores e outros animais.

Nunha ocasión fíxenme amigo dunha pomba mensaxeira, ela contoume que o mar era inmenso, que parecía unha alfombra azul que non se acaba nunca, que dentro del vivían moitos peixes,

uns moi grandes e outros máis pequenos, que por el navegaban uns barcos moi grandes. Pero cando remata o verán a pomba marcha, os días refrescan e chove moito. Eu pobre teño as pólas cheas de ourizos e o meu traxe verde xa non é verde, é marrón e amarelo e caime a cachos; eu pásome todo o día mirando para os cogomelos que saen aquí e acolá con miles de formas diferentes; uns teñen forma de sombrilla, outros vermellos e con lunares brancos e rechonchiños...

Polas noites paso horas mirando brilar estrelas, e miro para a lúa, por veces tan redondiña penso: ¡que alegría é formar parte desta gran familia que se chama «Naturaleza»

Algún día que outro, tamén ven a xente do pobo dar algún paseo, porque din que é bo para baixar o colesterol.

A medida que pasa o tempo, os días fanse máis longos e vai máis calor; entón chega o verán.

Para daquela os gandeiros secan a herba, e logo regan os campos.

Hai días que veñen familias a xantar á graga, xantan debaixo das miñas pólas. Din que comer debaixo de unha boa sombra é fermoso e divertido, despois hainos que dormen a sesta, e a outros dalles por xogar ás cartas, ao escondite...
Cando chega a hora de recoller, hai de todo, hai quen deixa o monte limpo e hai quen o deixa como un vertedeiro de lixo.
Ás veces o sol é abrasador, e chega a formar incendios.

Neles perdín a miña familia, e a moitos amigos. É algo terrible morrer queimad